Bos días clase,

Xa superásedes o reto de hoxe? Espero que bailarades as vosas tres cancións favoritas.

Hoxe vamos ter unha clase un pouco especial, vamos empezar a clase con un conto.




https://www.youtube.com/watch?v=ReDgSa6F81U

Tras visualizar o conto xa sabedes que vamos traballar hoxe? Traballaremos a motricidade fina, a atención,... aprendendo a atar os cordóns dos zapatos!, envíovos uns titoriais que vos explican dúas maneiras de atar cordóns diferentes, pero en internet podedes encontrar moitos máis, eu xa estou a practicar unha delas, como nos explican no conto podedes pedir axuda e seguro que hai unha maneira que non coñece a persoa que vos acompañe neste aprendizaxe, cando volvamos o cole teredes que contarme cal das dúas formas vos resultou máis sinxela e o rápidos e rápidas que sodes.

1. En este titorial pode resultar complicado o inicio do nó, pedídelle a un maior que vos preste axuda.

   https://www.youtube.com/watch?v=f0TO4UdQR_0

2. Como atar os cordóns (non funciona o hipervínculo, polo que o vídeo encontrase adxunto na publicación de hoxe).

Podedes realizar si queredes un patrón de práctica como se ve nos titoriais, ou amarrar todos os cordóns que encontredes pola casa para practicar.

A seguinte actividade que vos propoño é descubrir que debuxo se esconde.

Debaixo encontrarás unhas cuadrículas con indicacións, debes empezar no punto e continuar o trazado contando dúas cuadrículas para abaixo, dúas cuadrículas a dereita,... si non podes ou non queres imprimir esta folla, podes coller unha folla cuadriculada e facer nela todos os debuxos, unha vez saibas como é a actividade podes pedirlle a alguén que che lea as indicacións e ver que debuxo aparece, unha vez terminado cambiar os papeis, ti serás a que dá as indicacións, sae o mesmo debuxo?

Envíoche varias para practicar.



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ⇨ | 2 ↓ | 2 → | 2 ↑ | 3 ← | 3 ↗ | 2 → | 1 ↘ |
| ⇨ | 1 ↑ | 1 → | 2 ↓ | 1 ↘ | 3 ↓ | 8 ← | 3 ↑ |



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ⇨ | 4 → | 1 ↑ | 3 → | 1 ↑ | 1 → | 1 ↓ | 1 → |
| ⇨ | 2 ↓ | 1 ← | 1 ↓ | 5 → | 2 ↓ | 1 ← | 1 ↓ |
| ⇨ | 1 ← | 1 ↓ | 8 ← | 1 ↑ | 1 ← | 1 ↑ | 1 ← |
| ⇨ | 1 ↑ | 1 → | 1 ↑ | 2 → | 1 ↑ | 4 ← | 1 ↑ |

**танк**

Que encontraremos en estas cuatro? Non todas podemos empezalas en unha esquina do folio, descubre que figuras aparecen.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 → | 1 ↓ | 1 → | 1 ↓ | 1 → | 1 ↓ |
| 1 → | 3 ↓ | 3 ← | 1 ↓ | 5 → | 1 ↓ |
| 1 ← | 1 ↓ | 1 ← | 1 ↓ | 7 ← | 1 ↑ |
| 1 ← | 1 ↑ | 1 ← | 1 ↑ | 5 → | 7 ↑ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2 ← | 1 → | 1 → | 1 → | 1 → |
| 1 ↑ | 4 ↑ | 1 ↑ | 1 ↓ | 1 ↓ |
| 1 → | 1 → | 1 → | 2 → | 11 ← |
| 1 ↑ | 3 ↓ | 1 ↓ | 1 ↓ | 7 ↓ |
| 1 → | 1 → | 1 → | 1 → | 9 → |
| 1 ↑ | 1 ↑ | 1 ↓ | 1 ↓ | 7 ↑ |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2 → | 1 ↑ | 2 → | 1 ↑ | 1 → | 5 ↓ |
| 7 → | 2 ↑ | 1 → | 3 ↓ | 1 ← | 7 ↓ |
| 2 ← | 1 ↑ | 1 → | 3 ↑ | 1 ← | 5 ↑ |
| 3 ← | 2 ↑ | | | | |

Raskraski.link

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 → | 1 → | 1 → | 5 ← | 3 ← |
| 10 ↓ | 1 ↑ | 3 ↓ | 1 ↑ | 1 ↑ |
| 1 → | 2 → | 1 ← | 1 → | 3 → |
| 1 ↑ | 2 ↓ | 1 ↓ | 2 ↑ | 1 ↑ |
| 1 → | 1 ← | 2 ← | 1 → | 1 ← |
| 3 ↑ | 1 ↓ | 1 ↓ | 1 ↑ | 2 ↑ |
| 1 ← | 2 → | 3 ← | 1 → | 2 → |
| 3 ↑ | 1 ↓ | 1 ↓ | 2 ↑ | 2 ↑ |

Vémonos pronto.

A profe Tamara